

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan M. Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

De entro tódalas traxedias provocadas polas políticas austericidas dos diferentes gobernos do PP (e o bipartidismo), unha das máis inxustas ten a ver cos parados de longa duración, que en Galicia son máis da metade do total destes desempregados, moitos deles, a inmensa maioría sen acceso á prestación por desemprego.

Esta dramática situación sería máis palpable se non estivesen maquilladas algunha cifras do desemprego polo desánimo que fai que estes traballadores e traballadoras abandonen as listas do paro, simplemente polo desánimo que as leva a abandonar as oficinas de emprego, que na práctica non contribúen en ningunha medida a mellorar a accesibilidade deste colectivo ó pechado mercado laboral.

O paro de longa duración é hoxe o maior problema do mercado laboral, pois ameaza con excluír de forma definitiva a máis de 125.000 desempregados deste país. Estamos pois ante una perda irreparable dun recurso fundamental para o país, como é a experiencia deste colectivo da clase obreira, a perda de habilidades laborais asociada a esta situación causa un deterioro do capital humano de Galicia, un elemento que a nosa economía non se pode permitir. O cóctel da idade avanzada deste colectivo unido ao desemprego de longa

duración fai moi dificultosa a súa inserción no mundo laboral, polo que precisan de políticas concretas dirixidas a este colectivo.

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta, para a súa resposta en **Comisión:**

Que medidas concretas de inserción e mellora da capacidade de acceso ao mercado laboral, esta establecendo o goberno para os desempregados e desempregadas de longa duración ?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 23/09/2015 17:01:02